



Expediente núm.: 1343/2023

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 607/2023

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023

Obra/servizo subvencionado: Servizo de vixilancia e seguridade (Socorristas)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes

- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 56 do 21.03.2023, publícase a ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351A).
- Por Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0260 de data 27.03.2023 adoptouse o acordo que, copiado literalmente, di:

“TERCEIRO.

*Solicitar da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención por importe de **7.586,88 €** para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as que de seguido se detallan:*

PERSOAL FOMENTO DO EMPREGO	GRUPO PROFESIONAL / GRUPO COTIZACIÓN	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO (en meses)	CUSTO BRUTO TOTAL (por traballador/a)	Nº DE TRABALLADO RES	CUSTO BRUTO TOTAL FOMENTO DO EMPREGO ANO 2023
Socorristas	IV/04	100,00%	1.402,90	8411 H	35,20%	493,82	1.896,72	2	3.793,44	2	7.586,88
TOTAIS			1.402,90 €			493,82 €	1.896,72 €		3.793,44 €	2	7.586,88 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

CUARTO.

Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde.”

- O día 29.03.2023 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2023/1003577 a solicitude de subvención para a contratación temporal de traballadores desempregados para a realización da obra / servizo denominada “servizo de vixilancia e seguridade”.
- O 15.06.2023 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2023-E-RC-2803) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a que se nos concede unha subvención polo importe de 7.586,88 euros para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE” (DOG núm. 56 martes do 21 de marzo de 2023). Expte. Nº: TR351A 2023 / 20 – 3. Co desagregado seguinte:





Nº Traballadores	Ocupación	Grupo Cotización	Modalidade contractual	Duración (meses)	Xornada	Custo Subvencionado
2	Socorrista	4	Contrato temporal de interese social	2	100%	7.586,88 €

- O 21.06.2023 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2023/0505, aprobando a Convocatoria e as Bases para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “socorrista”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023 (Expte. Nº: TR351A 2023 / 20 – 3).
- O 21.06.2023 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de “socorrista”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023 (Expte. Nº: TR351A 2023 / 20 – 3).
- O 21.06.2023 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56 martes do 21 de marzo de 2023), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.
- O 26.06.2023 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “socorristas”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023 (Expte. Nº: TR351A 2023 / 20 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

“O Tribunal Cualificador toma, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Elevar proposta de contratación dos seguintes aspirantes:

- *Cuadrado Garrido , Aldara.*
- *Llorente Gude, Jorge Daniel.*

Quenda de reserva:

- *Abeledo Vargas, Victor Manuel*
- *García Mota, Angelo Aquilino*
- *Lage Fernández, Martín*
- *Oliveira Vicente, Ángela*
- *Pereira Fernández, Xiana María*
- *Ruibal González, Irene”*

- O 30.06.2023 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección de dous/as (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE” (socorristas) (oferta de emprego número 12-2023-7153).





De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar para o período comprendido entre o 01 de xullo de 2023 e o 31 de agosto de 2023, para a obra / servizo “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE” (socorristas) subvencionado en 7.586,88 euros pola Xunta de Galicia - Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na categoría profesional de “socorristas” ós traballadores/as que se detallan no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
Cuadrado Garrido, Aldara	██████████6099██████████	8	1.402,90	35,20%	493,82	1.896,72	2	3.793,44
Llorrente Gude, Jorge Daniel	██████████7761██████████	8	1.402,90	35,20%	493,82	1.896,72	2	3.793,44
CUSTO TOTAL			2.805,80		987,64	3.793,44		7.586,88

Segundo.- Formalizar o contrato de traballo para a obra / servizo “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE” (socorristas) subvencionado en 7.586,88 euros pola Xunta de Galicia - Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na modalidade de contrato de traballo temporal coa cláusula específica de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (modelo 405), segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.da ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56 martes do 21 de marzo de 2023), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 2 meses.

Modalidade de contratación recollida na disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego pola que “As Administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego previstos nesta lei coas persoas participantes nos devanditos programas.

A duración destes contratos non poderá exceder de doce meses e, no caso da contratación realizada por Administracións públicas, os procesos de selección deberán observar os principios de igualdade, mérito e capacidade.”

Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ós/ás interesado/as para os efectos oportunos.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Quinto.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Sexto.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Sétimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0550 Data: 30/06/2023

Cod. Validación: 4YXUJP37ETCS9CFHYWXDT2DK
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

